CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking	PE	60
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa	TI	40
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no

Contidos

- tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico

e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Propónse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproxímarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais).
Ferramentas TIC.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Materiais de investigación e consulta.
Recursos audiovisuais en inglés auténticos.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
Libro de texto Programa de Mellora. Ámbito lingüístico e social. Nivel 1 (2017). Editorial Xerais.
Novelas históricas, gráficas, cómics...
Material funxible.
Aula Virtual do centro.
Mapas xeográficos e históricos.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou e grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos

en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos da Aula Virtual pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

Na materia de inglés, utilizaranse os seguintes materiais:

- 1.- Libro de texto Network 3 Student's Book.
- 2.- Libro de exercicios Network 3 Workbook.
- 3.- Versións dixitais dos libros anteriores.
- 4.- Interactive Student Network 3.
- 5.- Materiais impresos e dixitais de Network 3 All-in-One Pack.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, gramaticais, literarios, de comprensión de textos e expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

Así mesmo, contéplase a proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai a abordar para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes.

Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha proposta didáctica para abordar a unidade. Así mesmo, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación. Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	10	15	10	3	4	4	4
Proba escrita	25	0	55	35	55	70	46	67	66	64
Táboa de indicadores	75	100	45	65	45	30	54	33	34	36

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	3	3	100
Proba escrita	64	25	60	44
Táboa de indicadores	36	75	40	56

Criterios de cualificación:

Debemos ter en conta o carácter modular do curso á hora de avaliar pois iso significa ter que integrar as disciplinas que conforman o módulo; considerando, ademais, o carácter transversal dalgunhas das unidades, o que supón que van ser examinadas nos tres trimestres.

Terase en conta para a avaliación deste materia que se diferenciarán os 5 primeiros bloques de contido do último deles (correspondente á primeira lingua estranxeira) pois serán impartidos por dous docentes diferentes. Así, avaliaranse de maneira integrada durante todo o curso os contidos de Lingua e literatura galegas, Lingua e literatura castelá, Xeografía e historia e Lingua inglesa.

A avaliación estará adaptada ás necesidades e á evolución dos alumnos e as alumnas, nomeadamente para as persoas en situación de discapacidade, para as que se incluírán medidas de accesibilidade que garantan unha participación non discriminatória nas probas de avaliación.

Cada unha das catro materias do ámbito lingüístico terá un valor do 25%, é dicir:

- Lingua e Literatura Castelá: 25%
- Lingua e Literatura Galega: 25%
- Xeografía e Historia: 25%
- Lingua inglesa: 25%

As cualificacións nas materias de Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá e se comporán en base ás seguintes porcentaxes:

- Probas escritas: 80%
- Lecturas: 10%
- Traballo diario: 10%.

Na materia de Xeografía e Historia, ao non ter unha lectura obrigatoria, comporase á base das seguintes porcentaxes:

- Probas escritas: 90%
- Traballo diario: 10%

Para poder facer media a nota non debe ser inferior a 4 sobre 10 en calquera das partes (materias do ámbito). Se algunha das partes non chega a esa nota o ámbito quedaría suspenso e o alumno ou alumna deberá recuperar a parte en cuestión (materia correspondente). Neste caso a nota final da avaliación non poderá ser superior ao 4. As partes non superadas de cada ámbito poderán ser recuperadas nun examen de recuperación. As avaliacións non superadas, despois da recuperación correspondente de cada avaliación, poderanse recuperar nun exame final no mes de xuño.

Nas probas escritas, sempre se especificará o valor de cada pregunta e farase a media das probas que se realizaron por avaliación. No tocante aos traballos, estableceranse rúbricas que describen diferentes niveis de calidade dunha tarefa.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo (reflectida na ficha do alumno/a), interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados.

A oralidade en lingua galega terá un peso porcentual de 10%. Comprobarase na praxe diaria da aula e reflectirase na ficha persoal da alumna ou alumno.

O uso de calquera clase de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática de cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta ordinaria ou extraordinaria.

Ademais dos contidos conceptuais nas probas escritas, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, acorde ao nivel académico no que se atopa o alumnado, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 1 punto (0,1 por falta cometida).

As probas, traballos e tarefas que sexan ilexibles non se avaliarán, decidindo o profesor a forma de poder recuperalos.

O ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 ao 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de o/a alumno/a non aprobe será avaliado segundo o indicado nos criterios de recuperación.

En canto á avaliación final de curso, a nota final calcularase segundo a media aritmética das tres avaliacións.

Tras a realización dos cálculos, o alumno ou alumna que non chegue a 5 terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se avaliarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 nunha escala de 1-10 para ter o ámbito aprobado.

Durante ese período de tempo, faranse actividades de repaso e reforzo dos contidos estudados ao longo do curso.

Na materia de lingua estranxeira:

Desenvolveranse tres avaliacións repartidas ó longo do período escolar. En cada unha realizaranse varias probas obxectivas que permitirán elaborar unha cualificación obxectiva para os merecementos e esforzo individual do alumnado.

A avaliación é continua, realizando controis cando se considere oportuno. As probas escritas serán, por suposto, coherentes co material dado na clase. Haberá, sempre que sexa posible, dúas probas na avaliación, a primeira (parcial) terá un valor de 40% e a segunda (final) 60%.

Aplicaranse probas de avaliación nas que os alumnos demostrarán o grao de coñecementos adquiridos na lingua inglesa: o seu nivel de vocabulario, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita, expresión oral e coñecementos de gramática. Estas probas estarán baseadas nos contidos programáticos desenvolvidos na clase e os alumnos deberán responder nelas a unha serie de cuestións de tipo gramatical, léxico, sintáctico, oral, auditivo.

Segundo este esquema xeral, cada profesor realizará distintos tipos de probas co fin de poder avaliar o grao de consecución dos obxectivos marcados, tendo en conta a súa especificidade e segundo as competencias e os contidos traballados.

Terase en conta tamén a observación diaria na clase: traballo diario, colaboración, interese pola materia, mellora na pronunciación e na comprensión e produción en xeral día a día.

Outro dato a ter en conta será o traballo diario na casa: caderno persoal do alumno, caderno de exercicios, lecturas, projects, que se farán de forma oral ou escrita, segundo se indique en cada caso, etc. Os traballos deberán ser sempre entregados puntualmente.

As cualificacións das distintas avaliacións se comporán en base as seguintes porcentaxes:

Use of English (Vocabulary and Grammar exercises): 20%

Reading: 20%

Writing:20%

Listening: 20%

Speaking: 20%

O anterior conformará o 90% da nota final que sumarse a un 10% de classwork.

-A modo orientativo, a extensión do exercicio de writing (expresión escrita) será de 80 palabras aproximadamente.

-No apartado de tarefas e traballos de clase poderán realizarse diversas probas orais e escritas para constatar o grado de adquisición e progreso na gramática e no vocabulario.

-Os alumnos non poderán utilizar nos exames nin libros, nin apuntes nin ningún material con información da materia, resaltando a prohibición de levar calquera aparato de reprodución (MP3, MP4, móbiles, etc.). Por suposto tampouco poderán falar durante o exame nin pasarse ningún tipo de información

Cualificación final ordinaria

Tendo en conta o escrito no apartado anterior, na materia de inglés temos avaliación continua, polo que para obter unha cualificación de APROBADO na avaliación final de xuño é condición imprescindible obter unha nota mínima de 5 na 3ª avaliación parcial, aínda que se teña suspenso nas dúas primeiras avaliacións, xa que as probas que se fan na terceira avaliación inclúen tódolos contidos traballados ao longo do curso.

Sen embargo, para facer o proceso de avaliación o máis xusto posible, e non desmotivar a aqueles alumnos que normalmente obteñen boas notas ao longo do curso, a nota na avaliación final de xuño será a mais alta de entre: a media das tres avaliacións parciais segundo a porcentaxe seguinte:

1ª avaliación (20%) / 2ª avaliación (30%) / 3ª avaliación (50%)

ou a nota da 3ª avaliación parcial.

Os alumnos cunha nota de menos de 5 na terceira avaliación parcial, deberán presentarse a unha proba final, na avaliación final, para poder obter unha cualificación de APROBADO na materia de inglés, cunha nota mínima de 5 ou superior.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría para os alumnos suspensos e de actividades de ampliación e titoría para os aprobados. A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final de curso.

Proba final

Os exames da avaliación final son únicos e comúns para tódolos alumnos de cada curso.

Nos exames finais non haberá proba de speaking.

A proba para o nivel de 3º ESO conterá os seguintes apartados:

READING: 20%

VOCABULARY: 20%

GRAMMAR: 20%

WRITING: 20%

LISTENING: 20%

Crterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións, farase unha proba escrita de recuperación , só das materias suspensas, que se cualificará nunha escala de 1 a 10 ,calculando logo a media.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para a superación das diferentes materias que compoñen o ámbito lingüístico pendentes de cursos anteriores, dacordo coa lexislación vixente, o alumnado con materias pendentes que se incorporen nunha adaptación curricular - neste caso, PDC- superarán as asignaturas pendentes no momento en que superen o ámbito ou módulo no que se integren.

Deste xeito, as asignaturas pendentes de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia e Lingua Extranxeira, consideraranse aprobadas no caso de superar as probas conducentes á aprobación do ámbito no curso actual de PDC.

De non ser así, procederase a un exame de recuperación no mes de xuño.

O equipo docente do departamento está a disposición do alumnado e as súas familias para resolver calquera dúbida respecto a asignatura pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de

Orientación, deseñarse unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a

repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X
ET.10 - A creatividade.	X	X	X	X	X

Observacións:

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Actividades en colaboración coa biblioteca do centro e co ENL levados a cabo para achegar ao alumnado ás actividades lingüísticas e culturais da lingua galega	X		
Escape rooms.	Actividades para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día da Poesía ou o Día de Rosalía.		X	
Rueiros históricos.	Interdisciplinar. Realización de excursións ás diferentes partes históricas da cidade ou vila.			X
Charlas e conferencias.	Interdisciplinar. Asistencia a conferencias e charlas de interese histórico, literario, artístico.		X	
Visita a Museos, Arquivos, Bibliotecas.	Interdisciplinar. Posibilidade de facer unha visita en cada avaliación.			X
1º Trimestre inglés: Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas	X		
2º Trimestre inglés: Charla mediante videoconferencia con algún autor ou autora en lingua inglesa.	O departamento organizará un coloquio ou charla con un autor ou autora en lingua inglesa fomentar a interculturalidade e a posta en práctica das habilidades lingüísticas adquiridas		X	
3º Trimestre inglés: Proxecto de intercambio lingüístico/proxecto co auxiliar de conversa	O alumnado terá a ocasión de participar nun intercambio lingüístico co auxiliar de conversa			X

Observacións:

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina.

O desenvolvemento destas actividades conleva tres fases:

-Unha preparación previa.

-Un procedemento durante a mesma na que o alumnado sobre un cuestionario que se lle ofreceu debe ir recollendo os datos.

-Unha terceira fase consistente no feed-back na clase para comprobar o adquirido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Metodoloxía empregada
Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados